

PLAN DE CONVIVENCIA

“SABER CONVIVIR”

IES AGRA DE RAÍCES

Xuño 2017

1. INTRODUCCIÓN.	4
1.1. MARCO LEGAL.	4
1.2. CONTEXTO SOCIAL, ECONÓMICO, CULTURAL E EDUCATIVO.....	4
1.3. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.	8
1.4. HORARIO DO CENTRO.	8
1.5. ENSINANZAS E ALUMNADO.	9
1.6. PROFESORADO.	9
1.7. PERSOAL NON DOCENTE.....	9
2. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	10
2.1.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	10
2.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	11
2.1.3. ACTITUDES.....	11
2.1.4. PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.....	12
2.2. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO.....	15
A.MEDIDAS PREVENTIVAS.	15
1. DEFINICIÓN DE CONFLITO.....	15
2. ANÁLISE DOS CONFLITOS DETECTADOS NO NOSO CENTRO. CAUSAS E CONSECUENCIAS.	15
2.1. PROBLEMAS DETECTADOS POLO PROFESORADO NO ALUMNADO.....	15
2.2. ACOSO ESCOLAR.....	17
2.3. PROBLEMAS DETECTADOS POLAS FAMILIAS NO CENTRO.....	20
3. CONCRECIÓN MEDIDAS PREVENTIVAS E ESTRATEXIAS PARA PREVIR CONFLITOS:.....	21
3.1. FORMACIÓN DE GRUPOS.....	21
3.2. ORGANIZACIÓN E COIDADADO DA AULA.	21
3.3. PROTOCOLOS DE RECEPCIÓN.....	22
3.4 XORNADAS E ACTIVIDADES SOBRE CONVIVENCIA DIRIXIDAS A COMUNIDADE EDUCATIVA.	31

3.5. ACTIVIDADES PARA A CONVIVENCIA DENDE A TITORÍA	33
3.6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS.....	38
3.7. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO	42
3.8. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS, ESCOLA DE PAIS E NAIS	42
3.9. IMPLICACIÓN DAS INSTITUCIÓNS	43
B. MEDIDAS CORRECTORAS.....	44
1. QUE ENTENDEMOS POR MEDIDAS CORRECTORAS	44
2. NOF.....	44
3. ESTRATEXIAS PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	45
3.1. MEDIACIÓN.....	45
3.2. AULA DE CONVIVENCIA	52
3.3. PROFESOR/A SOMBRA.....	53
3.4. ALUMNO/A SOMBRA.	53
3.5. OUTRAS MEDIDAS:.....	53
C. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	54
3. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.	56
4. ANEXOS.....	58

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. MARCO LEGAL.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC).

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

1.2. CONTEXTO SOCIAL, ECONÓMICO, CULTURAL E EDUCATIVO.

O instituto Agra de Raíces está situado na rúa Buenaventura Castro Rial, S/N, na vila de Cee, capital do concello do mesmo nome, na comarca de Fisterra, no territorio da Costa da Morte. A súa área de influencia abarca os concellos da comarca (Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía), Carnota e Mazaricos, estendéndose a outros concellos da Costa da Morte no caso do Ciclo Formativo.

O contexto social, económico, cultural e educativo da comarca de Fisterra é moi parecido ao das comarcas limítrofes con quen conforma o territorio da Costa da Morte, e ten

marcadas diferenzas con respecto ao de Galicia, froito do illamento histórico e do escaso desenvolvemento económico, cultural e educativo.

No ano 2016 a comarca de Fisterra ten 22.000 habitantes, segundo as fontes do Instituto Galego de Estatística (IGE) e do INE. Corresponden 7631 ao Concello de Cee, 1606 a Corcubión, 3085 a Dumbría, 4737 a Fisterra e 4941 a Muxía. A densidade de poboación é de 66,89 hab/km². Dende hai moitos anos ven padecendo un decrecemento da poboación de xeito constante. A estrutura da poboación da comarca é moi parecida á galega, onde as persoas en idade laboral activa supoñen o 66% da poboación, e os maiores de 64 anos son case o dobre que os menores de 16 anos. A idade media é de 48 anos, a de maternidade é de 31 e o número de fillos por muller é de 1. A taxa de natalidade é 6,2 case un punto por debaixo da de Galicia. A poboación estranxeira a penas se achega ao 1% da poboación.

No que respecta ao concello de Cee, onde se localiza o IES “Agra de Raíces”, obsérvase un decrecemento constante da poboación desde o ano 2011 no cal se acadou un pico de 7920 habitantes. Os 7631 actuais repártense en 3663 homes e 3968 mulleres. A idade media do concello é de 46,01 anos, un pouco por debaixo da media da comarca. A taxa de paro sitúase case no 18%.

A comezos do século XXI a taxa de poboación activa da comarca estaba 10 puntos por debaixo da de Galicia, sendo o triplo nos homes fronte ás mulleres. Porén, o paro tiña un comportamento inverso, estando a 4 puntos por riba do de Galicia, e sendo o dobre entre as mulleres que entre os homes. Estas tendencias aínda se seguen mantendo na actualidade en maior ou menor porcentaxe. Por sectores económicos, a ocupación maioritaria da poboación era no sector servizos, pero 14 puntos por debaixo da porcentaxe galega. En segundo lugar estaba o sector primario cunha diferenza de 11 puntos por diante da porcentaxe galega sendo especialmente salientable a pesca. O subsector da construción experimentou un incremento nos índices de paro nos últimos anos, e logo a industria, pero a 6 puntos por debaixo da galega destacando a acuicultura, a produción de enerxía hidroeléctrica e eólica. Nestes últimos anos obsérvase tamén o aumento constante no número de turistas que visitan a comarca e de peregrinos que continúan o Camiño de Santiago ata Fisterra. A meirande parte do tecido empresarial da comarca está composto por microempresas, destacando o concello de Cee como centro daquelas dedicadas ao sector servizos.

Asunto de máxima actualidade é o relacionado con Ferroatlántica a intención de vender parte das centrais hidroeléctricas e das fábricas de ferroalixe de Cee e Dumbría o que

provocaría a perda de 400 postos de traballo co correspondente impacto na comarca. Este problema afecta directamente a bastantes familias do alumnado do centro.

No que respecta á escolarización na comarca de Fisterra a comezos de século, o 25% da poboación tiña menos de 5 anos de escolaridade, a unha diferenza de 11 puntos por riba de Galicia. O 30% non acadara o graduado escolar, 3 puntos máis que en Galicia. O 7% acabara o bacharelato, estando 4 puntos por debaixo da porcentaxe galega, e outro tanto unha formación profesional de grao medio ou superior. A porcentaxe de persoas con estudos universitarios era do 6%, 5 puntos por debaixo da galega. Na actualidade os cambios das tendencias son moi lentos aínda que cada vez máis persoas acadan estudos superiores e universitarios.

No 2016 os niveis de renda na comarca de Fisterra seguen presentando un desequilibrio na súa distribución, en comparación co comportamento que teñen en Galicia. O PIB por habitante da comarca sitúase arredor dos 18.000 €.

Con respecto ao idioma descríbese unha realidade lingüística de predominio do uso do galego dun xeito moi maioritario entre a poboación da comarca. Neste senso, a inicios do século XXI practicamente a totalidade dos habitantes da comarca entende o galego, e sábeno falar o 98% (7 puntos por riba da galega), ler o 70% e escribir o 60%, lixeiramente superior a Galicia. O 86% da poboación usa o galego habitualmente, estando a 29 puntos por riba da galega, e só o 3% non o usa nunca, a 10 puntos por debaixo da galega.

No que respecta á estrutura familiar teñen unha especial incidencia as familias compostas por pais, fillos e outros membros, maioritariamente de terceira xeración. Tamén é significativo as familias retornadas da emigración a Europa, nomeadamente Suíza, Francia, Inglaterra, Holanda,... Os escolares procedentes destas familias adoitan ter problemas de adaptación ao nivel académico que lles corresponde. Tampouco podemos esquecer que a emigración afectou de maneira moi importante ás familias desta comarca reactivándose a partir da recente crise económica.

As rupturas familiares, segundo diversas fontes, acadan niveis por debaixo da media galega, sendo moitas veces causa dos problemas de integración dalgúns alumnos e alumnas. Tamén a violencia machista está presente nas familias e na sociedade, aínda que nas estatísticas non aflora na súa verdadeira dimensión.

A violencia social acada índices baixos en global. A súa incidencia é, de xeito non uniforme, máis intensa nas vilas costeiras e de maior poboación. A mestura de violencia e de

drogas segue sendo un binomio que explica a inseguridade cidadá nalgúns puntos da Costa da Morte. No referido ao consumo de drogas, diversas fontes sitúan a súa frecuencia nalgúns ambientes de ocio xuvenil, destacando o consumo de alcol de fin de semana, as drogas de deseño, o cannabis, e outras. O alcoholismo é unha adicción con notable presenza, e causa de problemas familiares e sociais. Recentemente obsérvase un incremento do interese dos adolescentes polas apostas realizadas a través de máquinas en cafeterías e lugares de ocio.

As infraestruturas e a planificación cultural dependen principalmente dos concellos, aínda que a iniciativa social ten un peso importante na actividade cultural que se leva a cabo na comarca. Caracterízase por unha dependencia económica das administracións públicas e por unha programación maioritariamente allea aos principais circuítos urbanos galegos. Destacan eventos de carácter popular e tradicional, e algún singular que transcende o ámbito da zona na súa proxección (Mostra de Teatro de Cee, suspendida nos últimos anos, Congreso de Turismo, ...). En canto ás infraestruturas audiovisuais, tan só a vila de Cee conta con tres salas de cine. No ano 2015 inaugurouse a Casa da Cultura de Cee, unha moderna instalación con sala de música, exposicións e biblioteca, que levaba anos pendente de rematar e cunha oferta cultural variada para público infantil, xuvenil e adulto.

No campo da creación literaria a zona ten unha especial relevancia pola numerosa presenza de creadores, que nalgúns casos de xeito individual e noutros de xeito colectivo (Batallón Literario da Costa da Morte) están presentes nas Letras Galegas cunha meritoria e recoñecida obra. Cabe destacar que a maioría destes escritores e escritoras formaron parte do alumnado deste centro.

As infraestruturas educativas existentes na comarca de Fisterra e nos concellos de Carnota e Mazaricos suman un total de 29 centros educativos. No que respecta aos centros públicos da redonda a tendencia é a unha diminución do alumnado (neste curso 2016-17, Dumbría ten 75, Eugenio López 392 e Fernando Blanco 438). O noso IES “Agra de Raíces” conta con 395 alumnos matriculados.

1.3. DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

O Instituto está formado por dous edificios onde atopamos as seguintes infraestruturas: 18 aulas de grupo con encerado dixital (as aulas de 1ºeso e 2ºeso forman parte do proxecto Abalar e por tanto teñen un ordenador para cada alumno/a), 2 aulas de desdobres, aula de prácticas para o Ciclo, aula de Audiovisuais, aula de Música, dúas aulas TIC (encerado dixital, canón, ...), aulas específicas de: Informática (dúas), Tecnoloxía, Matemáticas e Debuxo, aula de Idiomas, aula- departamento de Francés, laboratorios de Química, Física e Ciencias Naturais, 10 despachos para Departamentos, dous deles convertidos en Aulas de Reforzo (utilizadas polas profesoras de Pedagogía Terapéutica), un ximnasio, un polideportivo cuberto e unha pista ao aire libre, sala para recepción de pais e un local para a A.P.A., arquivo, almacéns para a limpeza...

Os espazos comúns son: unha Biblioteca, un Salón de Actos (no edificio vello), unha sala de profesores, despachos para o equipo directivo, conserxería (un local na entrada principal e outro, no segundo andar), oficina de administración, cafetería e servizos nas tres plantas para alumnos, alumnas, profesores e profesoras e tamén para persoas discapacitadas na planta baixa.

1.4. HORARIO DO CENTRO.

O horario do centro é o seguinte:

Para ESO e Bacharelato:

Mañás: de 8:30h a 14:05h, con dous recreos: un de 10:10h a 10:25h e outro de 12:05h a 12:25h.

Tardes: de 16:30h a 18:10h (Só os luns)

En resumo, os alumnos teñen 32 sesións semanais de 50 minutos.

Para o Ciclo Formativo:

Mañás: Igual que ESO e Bacharelato

Tardes: de 16:30h a 18:10h (Os luns e mércores)

O horario de atención á Comunidade Escolar é de luns a venres pola mañá, de 8:30h a 14:05h e os mércores e xoves tamén pola tarde, de 16:30h a 18:10h. O horario durante o mes de xullo será de luns a venres de 9:00h a 13:00h.

1.5. ENSINANZAS E ALUMNADO.

Neste curso 2016-17 séguense a impartir ensinanzas da ESO, Bacharelato nas modalidades de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais, Formación Profesional –un Ciclo Formativo de Grao Medio “Coidados auxiliares de Enfermería”- , e o programa That’s English. Hai tamén un Programa de Mellora da Aprendizaxe e rendemento (PMAR) de dous anos.

O alumnado da ESO procede dos centros públicos CEIP Eugenio López de Cee, CEIP Santa Eulalia de Dumbría, e doutros colexios da área de influencia como Corcubión, ou O Pindo (Carnota). Case a metade do alumnado vese obrigado a usar o transporte escolar. Unha grande parte deles tardan en chegar ao instituto entre media e unha hora.

1.6. PROFESORADO.

Os órganos de goberno que conforman o equipo directivo son os seguintes: Director/a, Vicedirector/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a.

O claustro de profesores e profesoras está formado por 41 docentes (34 profesores de ensino secundario, 2 mestres, 1 orientadora, 2 profesoras de Pedagogía Terapéutica e 2 profesores Técnicos de Formación Profesional), este curso 2016-2017. O 63% dos membros do claustro teñen destino definitivo, pero unha boa parte adoita cambiar a un centro máis próximo ao seu domicilio nos concursos de traslados, dando lugar a cambios de persoal en breves períodos de tempo de tres ou catro anos.

1.7. PERSOAL NON DOCENTE.

O persoal non docente está formado por unha persoa de administración, dúas de conserxería e tres de limpeza.

2. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

2.1. OBXECTIVOS, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

Entendemos por **convivencia escolar** a relación entre os membros da comunidade educativa baseada no respecto, na tolerancia e na cooperación.

O Plan de Convivencia debe ser o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias e alumnado) para o fomento dunha boa convivencia no Centro.

Para desenvolver os nosos obxectivos debemos considerar acadar unha boa convivencia como unha fin educativa que debe formar parte do proceso de ensino-aprendizaxe e non como unha mera aplicación de medidas organizativas e disciplinarias. Acadar unha boa convivencia é, en definitiva, un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo.

Para acadar unha boa convivencia no Centro, e para lograr un clima participativo e democrático, é necesario potenciar determinadas actitudes e conductas en todos os axentes implicados, así como inculcar unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social entre o alumnado.

Por todo o anterior, marcámonos os seguintes obxectivos:

2.1.1. OBXECTIVOS XERAIS

Mellorar a convivencia entre o alumnado e, por extensión, entre todos os membros da comunidade educativa.

Implicar aos distintos sectores da comunidade educativa na elaboración e posta en funcionamento das distintas ferramentas que posibiliten a mellora da convivencia no centro, para a consecución dun clima positivo e sendo responsabilidade e tarefa de todos.

Promover o coñecemento dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa.

Promover relacións de igualdade entre todos os alumnos e alumnas, axudándolles a formar unha imaxe adecuada de si mesmos, das súas características, posibilidades e limitacións, que lles permita guiar de forma equilibrada a súa actividade e contribúa ao seu propio benestar.

Previr comportamentos disruptivos e de acoso entre iguais, contando con mecanismos de detección e estratexias de prevención.

Desenvolver as normas e procedementos de resolución de conflitos, intervindo nestes cunha actuación mediadora e regulamentaria.

Atender a diversidade á hora de previr e resolver os conflitos que afecten á convivencia do centro.

Realizar o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

2.1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Levar a cabo unha análise pormenorizada dos problemas de convivencia no centro cuxos resultados deriven en novos e efectivos procedementos de prevención, protocolos de actuación e demais medidas resolutivas.

Servir de referencia para definir as pautas de revisión do novo N.O.F. do centro.

Valorar a posta en funcionamento do novo espazo da **Aula de Convivencia** como ferramenta auxiliar na xestión da convivencia no centro e, no seu caso, dispoñer do necesario para o seu correcto desenvolvemento (formación do profesorado, habilitación de espazos, materiais, etc.)

Valorar a posta en marcha do proceso de Mediación como procedemento de resolución de conflitos e, no seu caso, poñer todos os medios necesarios para levar a cabo as tarefas de mediación con garantías.

Elaborar unha programación anual de actividades dirixidas a alumnado, profesorado e familias, orientadas á prevención e resolución de conflitos e á mellora da convivencia (talleres, charlas, coloquios, etc.)

2.1.3. ACTITUDES

Asunción por parte de todos os membros da comunidade que a convivencia é tarefa de todos.

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza ou nacionalidade.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro e coidado das dependencias e materiais.

Toma de conciencia da relación entre dereitos e deberes.

Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersonais e grupais e valoración do diálogo como instrumento na resolución dos mesmos.

Rotura da conspiración do silencio cómplice que se soe establecer en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar as situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.

Fomento dunha actitude crítica ante os usos verbais e non verbais orientados á persuasión ideolóxica e ante a utilización de contidos e formas que supoñan calquera tipo de discriminación.

Mellora do autocontrol, autovaloración e autosuperación.

2.1.4. PRINCIPIO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.

Debemos promover prácticas que teñan como común denominador o trato igualitario real entre ambos os dous sexos e que respecten e valoren as experiencias, motivacións, intereses e as características de ambos os dous grupos. As diferenzas biolóxicas que existen entre os sexos non son razóns para a marxinación dun ou outro en determinadas actividades. O coñecemento mutuo que se leva a cabo nas manifestacións motrices servirá de base cara ao respecto das características de cada un.

Aprender a convivir é un dos fins básicos do proceso educativo. Isto conséguese respectando e asumindo a igualdade de todas as persoas, calquera que sexa o seu sexo, a súa raza, a súa ideoloxía ou a súa relixión.

O artigo 10 da LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa no seu punto 1 establece que no plan de convivencia se integre o principio de igualdade entre mulleres e homes, fomentando no centro educativo os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

ademais, no Artigo 14º establece como deberes básicos de convivencia do alumnado respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos

entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Por tanto, para conseguir unha boa convivencia no centro e conseguir que as relacións interpersoais sexan positivas debemos levar a cabo actuacións que fomenten e promovan no alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes. Para iso será preciso:

- Incluir nas programacións dos departamentos medidas conducente a cumprir con este obxectivo na Educación en valores. Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de xeito permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.
- É preciso eliminar a linguaxe sexista. Así como as ilustracións (nos nosos textos, os debuxos e as fotografías) de manipulación, xogos ou actividades físicas deben facerse, independentemente da súa natureza, por mozos ou mozas indistintamente.
Débese ter unha especial atención a que os varóns non monopolicen algunhas pistas deportivas, considerándoas patrimonio de homes.
- Valorar a necesidade de fomentar por igual expectativas profesionais para homes e mulleres.
- Dar a coñecer a contribución feita polas mulleres que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. no campo das matemáticas, das ciencias, da filosofía, da arte, etc., e tamén enfatizar sobre os éxitos e logros deportivos alcanzados por mulleres .
- Colaborar con organismos da contorna, coma o Centro de Información á Muller (CIM) de Cee, con sesións sobre temáticas Prevención da violencia de xénero, programas coma o Plan Director onde se reciben charlas de Violencia de xénero enmarcadas na Semana Cultural

- Conmemorar datas relevantes tanto dende a organización dos diferentes departamentos coma dende a xestión das Actividades Extraescolares do centro. Sobre todo destacaremos a conmemoración do:
 - Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro). Así distintos departamentos organizan actividades conxuntas ou paralelas, coma lectura dun Manifesto en colaboración co CIM (Centro de Información á Muller)do Concello de Cee acudindo á praza do pobo para participar nunha acción reivindicativa con outros grupos sociais da comarca, pegada de carteis, edición de vídeos, realización de distintas actuacións en sesións lectivas (realización de pancartas, camisetas, lazos,...)
 - Día da Muller Traballadora (8 de marzo). Deste xeito, o Departamento de Dinamización Lingüística realiza a actividade “Pioneiras da Costa da Morte”, actividade de investigación sobre mulleres que foron pioneiras en distintas actividades dentro do contorno da Costa da Morte (por exemplo, a primeira que foi vender peixe á Coruña era de Fisterra), tratando de sensibilizar sobre a igualdade e a aportación destas mulleres, en gran medida descoñecidas.
- Os titores e as titoras, xunto co departamento de orientación, elaborarán material didáctico para aplicar nas titorías presenciais que aborden os valores de participación, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de non discriminación entre os sexos; o cuestionamento e rexeitamento dos estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos...).

2.2. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO

2.2.1. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS

A. MEDIDAS PREVENTIVAS.

1. DEFINICIÓN DE CONFLITO

Aprender a convivir e relacionarse formaríase parte da aprendizaxe. Falar de convivencia, relacións, supón ter en conta, por unha banda unha serie de habilidades e procedementos a desenvolver e, por outra, incluír unha serie de valores nos contidos das programacións.

Para afrontar a aprendizaxe da convivencia resulta imprescindible pensar no conflito como algo inevitábel e necesario. Se, desta forma, conseguimos ter unha visión positiva, é posíbel que poidamos traballar con el, e aproveitar a oportunidade educativa que nos brinda. O conflito acontece cando dous ou máis valores, perspectivas ou opinións son contraditorios por natureza ou non poden ser reconciliadas, é dicir, inhabilidade de chegar a un entendido entre dúas partes que están a debater un asunto.

O conflito pode ser destrutivo ou construtivo.

Será destrutivo cando se lle da máis atención que ás cousas realmente importantes, socava a moral e polariza á xente ou aos grupos, reducindo a cooperación. En xeral, conduce a un comportamento irresponsábel e daniño.

Será construtivo cando deriva na solución de problemas, involucra a xente na solución de asuntos importantes para eles ou elas, conduce a unha comunicación máis auténtica, cando pode axudar a liberar emocións, estrés, ansiedade e permite a solución dun problema latente.

2. ANÁLISE DOS CONFLITOS DETECTADOS NO NOSO CENTRO. CAUSAS E CONSECUCIÓNS.

2.1. PROBLEMAS DETECTADOS POLO PROFESORADO NO ALUMNADO

- Impuntualidade na chegada ao centro por parte do alumnado.

As posibles causas poden ser a situación do tráfico da vila, os retrasos das liñas de autobuses e o relaxamento dalgúns pais/nais e alumnos.

As consecuencias son a disrupción do ritmo das clases e a diminución do rendemento académico do alumnado.

- Impuntualidade á hora de comezar as sesión lectivas

As posibles causas poden ser: a tardanza do alumnado ao entrar na aula debido á excesiva permanencia nos corredores ou á chegada dos recreos (moitos alumnos veñen de xogar do pavillón e non escoitan o timbre) , a tardanza do profesorado por estar, en moitas ocasións, intercambiando información con algún profesor/a, a prolongación da clase anterior por parte do profesorado. Cómpre ter en conta tamén que a futura implantación de “taquillas” podería agravar esta situación.

Todo isto implica un retraso considerable á hora de comezar a traballar nas sesións lectivas.

- Absentismo do alumnado.

As causas principais soen ser excesiva permisividade dalgunhas familias: indisposicións moi leves, celebracións, quedar na casa para estudar, viaxes familiares, desestruturación familiar...

- Actitude pasiva ante o estudo por parte do alumnado

As principais causas soen ser: a falta de motivación, as poucas expectativas de futuro, a ausencia de hábito de traballo e esforzo, mala alimentación...

A pesar de que a actitude pasiva ante o estudo e traballo está contemplada no actual NOF como unha falta leve, cremos que o aumento das medidas disciplinarias non é a única solución tal e como se extrae dos resultados das enquisas e que será necesario habilitar unha serie de medidas preventivas que dean solución a este problema.

- Saída precipitada do alumnado ao remate de cada sesión lectiva. Nestes casos o alumnado abandona a aula tan pronto toca o timbre, incluso antes de que o profesor/a remate as explicacións.
- Utilización de aparellos electrónicos (móviles e reprodutores...) Malia que a prohibición sobre a súa utilización está claramente especificada no NOF, a utilización dos teléfonos móviles segue a protagonizar algunhas actuacións puntuais que atentan contra a dignidade das persoas.

- Incumprimento por parte do alumnado das normas que impiden o uso do tabaco. Obsérvase que no centro existen algúns espazos que facilitan que algúns alumnos/as fumen (parte traseira do ximnasio).
- Aglomeración de alumnos na cafetería durante os recreos. Isto provoca a saída precipitada do alumnado ao tocar os timbres do recreo, xunto con algún episodio de empurróns entre eles e o feito de que un número elevado de alumnos consumen parte do seu tempo de lecer facendo cola.
- Debido a isto cómpre que o persoal encargado da cafetería responda cunha maior rapidez na atención do alumnado durante os primeiros momentos dos recreos.
- Mantemento das aulas. Obsérvase que o alumnado non está suficientemente implicado no coidado e mantemento da súa aula. A miúdo vese que ao remate das clases as aulas están nun estado de limpeza deficiente: papeis ciscados polo chan, mesas pintadas, cadeiras sen subir, taboleiro sen borrar, luces sen apagar. Por outra banda, todos os anos aparecen outros elementos en estado de deterioro como portas, cadeiras, mandos dos radiadores, persianas, luces...
- Agresións verbais entre o alumnado. Obsérvase especialmente que esta é unha práctica habitual entre os alumnos tanto nas clases coma nos recreos.
- As condutas disruptivas na aula

A parte das condutas disruptivas que poden supoñer a impuntualidade e os retrasos xa comentados anteriormente, considéranse disruptivas outras condutas como:

- Interromper as explicacións do profesorado
- Levantarse durante as sesións
- Utilización indebida do material: tirar xices...
- Intimidación e acoso entre os alumnos

2.2. ACOSO ESCOLAR

O fenómeno do *bullying* ou acoso escolar vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques” (Dan Olweus). Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel

de agresor ou acosador, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada.

Así, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase no plano legislativo o tratamento de situación de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de convivencia.

O Plan de Convivencia seguirá o recollido no **Protocolo Xeral para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso da Consellería de Educación de Galicia, aprobado en Outubro de 2015** e adaptado á Leis 39/2015 e 40/2015. Este protocolo é o **anexo nº 1** deste Plan.

O seguimento do protocolo estandarizado é **prescritivo** para o centro escolar e contribúe a organizar a intervención, concretando as fases e dimensións que se deben prever, proporcionando pautas de actuación ou orientacións en situacións nas que se require un procedemento sistemático para a identificación e resolución do problema.

Activar o protocolo non significa que xa esteamos dicindo que hai un caso de acoso escolar senón que se observa un "posible caso de acoso escolar", será logo de facer as primeiras averiguacións segundo a fase 2 de recollida da información, adoptar as medidas preventivas de protección e cantas dilixencias se consideren oportunas seguindo as fases, (ver no protocolo anexo 1 deste Plan), cando deduciremos se realmente se trata ou non dun caso de acoso escolar. Se destas averiguacións a conclusión é que si hai acoso escolar, entón iniciarase o expediente disciplinario, de non ser así (podemos estar ante un conflito puntual ou outra situación), e actuarase de igual xeito de forma preventiva para que esta situación non se volva a producir.

Polo tanto, o **procedemento** ten dúas partes, a **primeira** consiste na activación do protocolo e polo tanto recollida de información e medidas provisionais sobre todo de protección á "presunta vítima" e unha **segunda** parte que pode darse de dos xeitos:

- a. Se das averiguacións se conclúe que non existen suficientes indicios de que se trate dun caso de acoso escolar, adóptanse medidas preventivas ou correctoras de posibles condutas.
- b. Se por outra parte se conclúe que si existen claros indicios e probas de que se trata dun "posible caso de acoso escolar" procédese á apertura de expediente disciplinario á ou ás "presuntas persoas acosadoras", ata que se conclúa este procedemento e se dicte resolución non se poderá considerar demostrado que se trata dun caso de acoso, debe reflectilo así a resolución e indicar as correccións/sancións correspondentes segundo a Lei 4/2011 e o Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei de Convivencia.

O acoso escolar é unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia escolar artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro consonte o establecido na Lei 4/2011. Haberá que establecer medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais segundo o artigo 39 e 40 do devandito decreto.

INDICADORES QUE PODERÍAN AXUDAR A DETECTAR CASOS DE ACOSO ESCOLAR.

Debemos estar atentos aos alumnos/as que poden ser percibidos polos seus compañeiros /as como "diferentes" ó resto da clase e que, por mor disto, poderían ser obxecto de discriminación, acoso, intimidación ou bullying. O feito de ser "diferente" podería responder aos seguintes perfís:

- rendemento académico: moi baixo ou moi alto.
- aspecto físico: hixiene persoal, maneira de vestir...
- procedencia: caso de alumnado inmigrante, de zonas rurais deprimidas, áreas urbanas concretas...
- determinados trazos de personalidade: alumnos/as moi introvertidos, hiperactivos ou moi protestóns...
- crenzas relixiosas, grupos étnicos, procedencias sociais deprimidas...
- Ideoloxía, maneira de vivir a sexualidade...

COMPORTAMENTO A DETECTAR NOS ALUMNOS ACOSADOS:

- Cambios no comportamento: descenso no rendemento académico, aumento da irritabilidade, pouca comunicación...

- Aumento do absentismo escolar por motivos sen xustificar, retrasos continuos, Indisposicións repentinas...
- Illamento nos tempos de lecer.
- Aceptación/rexeitamento ou indiferenza polo grupo da clase.

POSIBLES SOLUCIÓNNS:

O profesor/a que detecte algún dos síntomas sinalados anteriormente debe de comunicalo urxentemente aos titores/as para transmitirllo á xefatura de estudos e ao departamento de orientación. Como é obvio, convocarase á familia para comentar o caso. Todos estes pasos deben facerse sempre baixo a maior confidencialidade e respecto á intimidade do alumno ou alumna.

Se se ten sospeita de que estamos ante un caso dun “posible acoso escolar” activarase o **Protocolo Xeral para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso da Consellería de Educación de Galicia, aprobado en Outubro de 2015** e adaptado á Leis 39/2015 e 40/2015.

O CIBERBULLYING

Un feito que está cada vez máis presente na nosa comunidade escolar é o coñecido como “ciberbullying”. O uso estendido da telefonía móbil e de Internet dá lugar a novas modalidades de acoso escolar ou bullying. A intimidación mediante SMS, correos electrónicos anónimos, páxinas web difamatorias estase a converter nunha das armas para amedrentar os compañeiros; polo que as vítimas son dobremente perturbadas: dentro e fóra das clases.

A solución que se propón é igual que co acoso escolar, se temos unha sospeita de que esta a pasar unha posible situación de ciberacoso, activarase o protocolo de acoso e ciberacoso.

2.3. PROBLEMAS DETECTADOS POLAS FAMILIAS NO CENTRO

As familias demandan un ton máis respectuoso e positivo cara ao alumnado durante a práctica docente. Asumir esta actitude respectuosa e acompañala con pequenos xestos como "*Bo día, grazas, parabéns polos resultados*" e unha linguaxe menos agresiva e irónica...poderían servir de pauta de conduta a seguir e mellorar así a convivencia do centro.

Tamén piden unha maior información sobre os motivos dos malos resultados relativos ao rendemento académico dos seus fillos/fillas. Así mesmo, manifestan que valoran pouco o feito de participar na xestión e desenvolvemento do centro. Isto é evidente en moitos casos:

- Baixísima asistencia a reunións informativas.
- Non participación nas escolas de país/nais.
- Non asistencia a reunións co titor/a cando se lles convoca.

Destes dous últimos puntos dedúcese que os pais e nais do alumnado consideran oportuno intervir naqueles casos relativos exclusivamente ao rendemento baixo do grupo; mentres que minimiza esta importancia á hora de participar na educación e desenvolvemento da personalidade do seu fillo/a como: prevención de drogodependencias, hábitos saudables, perigos de Internet...

3. CONCRECIÓN MEDIDAS PREVENTIVAS E ESTRATEXIAS PARA PREVIR CONFLITOS:

As medidas preventivas engloban unha serie de protocolos, medidas de actuación e formación establecidas polo centro para paliar ou diminuír os efectos negativos dos conflitos existentes e ao mesmo tempo evitar, na medida do posible, a aparición de novas áreas de conflictividade.

3.1. FORMACIÓN DE GRUPOS

Na formación dos grupos hanse ter en conta os seguintes factores:

- A conflictividade do alumnado.
- O número de repetidores por aula.
- O número de alumnado con necesidades educativas especiais.

Respectando sempre a diversidade das aulas, procuraremos que os grupos sexan configurados de xeito que todo o alumnado poida recibir a atención e apoio que precisa para desenvolver as súas capacidades.

3.2. ORGANIZACIÓN E COIDADADO DA AULA.

Creemos que é necesario incidir na implicación de todo o alumnado no coidado da súa aula e, en xeral, de todas as instalacións do instituto. Polo tanto, dende o inicio do curso, e nas

sesións de titoría, analizarase o estado da aula, apuntando todas aquelas deficiencias que se observen. A supervisión farase ao final de cada trimestre a través de modelos impresos de inventario de aula. Neste seguimento estará implicado, ademais dos titores, tamén o persoal de limpeza a través de informes nos que manifesten condutas de pouco apropiadas por parte do alumnado.

Tamén haberá en cada aula carteis recordando ao alumnado que non se debe abandonar a aula ata que o profesor remate a clase e evitar as saídas precipitadas.

En cada clase estarán expostas unhas normas básicas de aula que previamente foron traballadas nas sesións de titoría e consensuadas polo grupo.

3.3. PROTOCOLOS DE RECEPCIÓN

a) Protocolo de recepción do novo profesorado:

A súa finalidade é a de procurar unha boa acollida ao persoal de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible. Isto faríase con todo o persoal, docente e de administración e servizos, de nova incorporación, ao longo de todo o curso, independentemente de que teña destino definitivo ou non.

Cada un no centro terá as súas misións e responsabilidades que detallamos a continuación:

- Conserxe

Recibe ao novo persoal, e acompáñao á secretaría, ao mesmo tempo que avisa ao cargo directivo de garda da súa chegada.

- Persoal administrativo

Cobre os datos administrativos do novo persoal.

- Xefe/a de estudos ou cargo directivo de garda
 - Recibe ao novo persoal, facilítalle a información e material precisos, e acompáñao na visita ao centro.
 - Os materiais deberán incluír: horarios, NOF, listados de grupos, plano do centro, guía do profesorado de nova incorporación e outra documentación do centro.

A visita do centro seguirá o seguinte modelo:

- Sala de profesores , cargos directivos e secretaría.
- Aulas onde o profesor imparta clases (profesor) ou realice o seu traballo (persoal non docente).
- Aulas comúns (profesor): Biblioteca, aula TIC, audiovisuais, salón de actos e seminarios.
- Xefe/a de departamento

Entrega de material didáctico (programacións, libros, etc.)

Visita e instrucións sobre o uso de aulas/material específicos do seminario: laboratorios, ximnasios, pavillón, informática, etc...

- Secretario/a

Informar ao persoal de administración e servizos sobre os seus cometidos fundamentais.

- Vicedirector/a ou Xefe/a de estudos

Xestionar e procesar a enquisa para avaliar o grao de satisfacción na acollida do persoal de nova incorporación.

Manter actualizada a *Guía para profesores/as de nova incorporación*:

ACTIVIDADE	RESPONSABLES	RECURSOS MATERIAIS	CALENDARIO
1.- RECEPCIÓN	Conserxe Persoal administrativo	Ficha recollida de datos	Día de chegada
2.-ENTREGA DE INFORMACIÓN	Cargo directivo de garda ou Xefe/a de estudos	Guía do centro Planos Guía do profesorado de nova incorporación Horario NOF Listado de grupos	
3.-VISITA AO CENTRO	Cargo directivo de garda	Modelo establecido de visita guiada ao centro	
4.-ENTREGA MATERIAL DIDÁCTICO	Xefe/a de Departamento (ou outro membro en ausencia deste)	Manuais didácticos Programación Caderno do profesor fichas Visita de aulas específicas.	
5.- VALORACIÓN	Vicedirector/a ou Xefe/a de estudos	Enquisa de grao de satisfacción na acollida de persoal	
			Á semana seguinte á chegada

AO INICIO DO CURSO

O día da chegada entregarase ao novo persoal docente unha guía de nova incorporación que conterá os seguintes materiais:

- Plano do centro e plano de evacuación xenérico.
- Orientación para o profesorado sobre:
 - Normas para conceder permisos (asuntos persoais, imprevistos, baixas, visitas médicas, etc...).
 - Cómputo de faltas de asistencia en referencias aos permisos.
 - Orientacións para a xustificación das faltas do profesorado.
 - Orientacións para a xustificación e cómputo das faltas do alumnado.
 - Protocolo de actuación ante incidencias do alumnado (actos contrarios á convivencia sinalados no NOF).
 - Protocolo de actuación en caso de accidentes ou indisposición do alumnado dentro e fóra do centro.
 - Protocolo de actuación durante as gardas.
 - Normas específicas para algún dos grupos (bacharelatos/postobrigatoria).

Guía para a introdución de notas e faltas:

- Prazo para poñer as notas e funcionamento da avaliación.

Guía para a presentación do alumnado (enfocado a titores e titoras).

Especificacións para a distribución do alumnado na aula:

- Horario semanal.
- Levantar acta do estado da aula. Esta acta revisarase de forma periódica.
- Ler copia do NOF.
- Explicar as normas de xustificación de faltas.
- Explicar amoestacións por faltas de asistencia.
- Explicar as funcións a levar a cabo polo delegado.

- Normativa para a elección do delegado.

O persoal docente de nova incorporación será convocado a unha reunión a cargo da xefatura de estudos ou o departamento de orientación. Nesta reunión recibirán de primeira man toda a información que precisen sobre o funcionamento do centro.

AO LONGO DO CURSO

O persoal que se incorpore para realizar substitucións por un tempo máis limitado recibirá unha guía adaptada ás funcións que terán que realizar. A guía para persoal substituto conterá o seguinte material:

- Plano do centro e plano de evacuación xenérico.
- Orientación para a xustificación e cómputo das faltas do alumnado.
- Protocolo de actuación ante incidencias do alumnado (actos contrarios á convivencia sinalados no NOF).
- Protocolo de actuación en caso de accidentes ou indisposición do alumnado dentro e fóra do centro.
- Protocolo de actuación durante as gardas.
- Normas específicas para algún dos grupos (bacharelatos/postobrigatoria).

b) Protocolo de recepción de novo alumnado

A súa finalidade é a de procurar unha boa acollida para o alumnado de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible. Isto faríase con todo o novo alumnado de ESO, Bacharelato e ciclos ademais de calquera alumno novo que se incorporase ao longo do curso.

Novo alumnado de ESO, Bacharelato e ciclos que se incorpora a principio de curso:

O día da chegada do novo alumnado, para a súa incorporación seguiranse as seguintes pautas:

- a) Primeiro día:

O equipo directivo cos correspondentes titores de ciclo (1 ciclo, 2º ciclo, Bacharelato e ciclos), recibirán aos alumnos a diferentes horas, no salón de actos. O equipo directivo

presentarase e explicará as normas xerais de funcionamento do centro. A continuación, cada grupo irá co seu titor/a á aula.

O titor na aula explicará aos alumnos:

- O seu horario semanal, nomes dos profesores, aulas que teñen que usar.
- Distribución do alumnado dentro da aula.
- Plano do centro e plano de evacuación xenérico.
- Lectura breve do NOF (despois nas sesións de tutoría farase en profundidade)
- Explicación breve das normas para xustificar faltas e a perda de avaliación continua (despois, nas sesións de tutoría, farase en profundidade).
- Explicación breve criterios de promoción (despois nas sesións de tutoría farase en profundidade).

Visita guiada polo centro para todo o alumnado novo : 1º ESO e os novos do resto dos grupos (ESO, 1º Bacharelato e ciclos).

b) Días sucesivos de tutoría e durante o primeiro mes de clase:

- Levantará acta do estado da aula (1º tutoría) para entregalo en secretaría. A acta e os estado da aula serán revisados en cada trimestre.
- Estableceranse, intentando acadar o maior consenso posíbel, as normas de clase.
- Lectura comentada (dialogada) do NOF.
- Normativa para a elección de delegado. Importancia do labor do delegado de aula.
- Explicará as normas para xustificar faltas e a perda de avaliación continua.
- Criterios de promoción.

Alumnado que se incorpora durante o curso:

Cada un no centro terá as súas misións e responsabilidades que detallamos a continuación:

- Persoal administrativo

Cobre os datos administrativos do/a novo/a alumno/a, informa sobre a data de incorporación do/a alumno/a.

- Xefe/a de estudos ou Cargo directivo

Recibe ao novo alumnado, facilítalle a información e material precisos e informa ao titor/a dunha nova incorporación e, ademais podería acompañalo na visita ao centro.

Presentación do alumno aos demais membros da clase o primeiro día da súa incorporación ao centro.

- Titor/a

Presentación do alumnado ao grupo.

Información sobre normas do funcionamento do centro (NOF).

Visita guiada ao centro. Aulas que o alumno teña que usar, TIC, Biblioteca, etc...

c) **Normas de aula**

Serán consensuadas entre a titor/a e o seu grupo de alumnos/as.

Ao titor/a correspóndelle a coordinación das normas de aula, que se deben elaborar nas primeiras clases do curso e serán expostas no taboleiro, así mesmo se comunicarán a todos os profesores/as do grupo. **Deben ser claras e concretas; enunciadas, preferiblemente, en positivo; realistas e fáciles de cumprir; non excesivas en número; non poden ir contra as normas establecidas no centro nin contra outras de rango superior.**

Propoñemos seis normas básicas; ademais destas, cada titor/a establecerá xunto co seu grupo outras que considere necesarias para o mellor funcionamento da aula e do grupo-clase segundo as súas características e problemática.

1. Puntualidade na chegada ao instituto, despois dos recreos e nos cambios de aula (Educación Física, laboratorios, ...)
2. Esperar ao profesorado na aula, non nos corredores.
3. O grupo será responsable da conservación en bo estado da súa aula.
4. Non tomar comida nin bebida na aula, tanto durante a clase como na espera do profesor/a.
5. Os teléfonos móbiles permanecerán apagados, así como os reprodutores de música vídeo, etc.

6. Despois da última sesión de clase do día poñeranse as cadeiras enriba da mesa.

d) Protocolo de recepción de nais e pais

A súa finalidade é a de procurar unha boa acollida para os pais de alumnos de nova incorporación e que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posíbel. Isto faríase cos pais de todo o novo alumnado de ESO, Bacharelato e ciclos, ademais de calquera pai de alumnos novos que se incorporan ao longo do curso.

Nos primeiros días de clases, mandarase por correo unha carta que incluírá: horario de clase do alumno, nomes dos profesores do grupo, horario de titoría e nome do titor/a.

Nos primeiros días de clase, farase unha charla con todos os pais dos grupos de ESO e por niveis (ciclos), cos titores dos grupos, departamento de orientación e o equipo directivo. Na charla informarase de:

O Equipo Directivo, despois do saúdo de benvida, explicará os obxectivos tanto a nivel académico como de desenvolvemento persoal que se pretenden acadar tras o seu paso por esta etapa educativa. Informará da existencia de todos os documentos necesarios para o funcionamento do centro que se atoparán a disposición e consulta na páxina web do centro.

O Departamento de Orientación, explicará o funcionamento de dito departamento e o seu horario de atención. Igualmente, informará da existencia de todos os documentos necesarios para o seu funcionamento que se atoparán a disposición e consulta na páxina web do centro.

Xefatura de Estudos ou un titor/a (un/unha calquera dos titores do ciclo), explicará como actuar ante unha solicitude de visita ao centro para falar co titor. Deben solicitala a través do alumno/a ou chamando ao centro cunha semana de antelación para que o titor poida recompilar a información necesaria. No caso de querer falar con outros profesores, a petición farase a través do titor.

Nos primeiros días de clases, farase unha charla con todos os pais dos alumnos novos de 1º Bacharelato e ciclo. A charla sería similar á descrita anteriormente e adaptada as características destes novos niveis.

A xefatura de estudos e o departamento de orientación organizará unha reunión coas familias do alumnado de sexto curso de educación primaria dos centros adscritos. Isto farase ao remate do curso

e) Protocolo de información relativa ao rendemento e actitude do alumnado

Este apartado dará solución a aqueles problemas detectados polas familias que no seu momento demandaron unha maior información sobre os resultados académicos dos seus fillos/as, principalmente nos casos en que estes son negativos. Con el permitirase que tanto pais como alumnado se impliquen máis no proceso de aprendizaxe e, ao ser un protocolo que será asumido por todo o claustro de profesores, contribuirá tamén a mellorar as relacións profesorado/alumnado:

Será práctica habitual ensinar ao alumnos/as todas as probas corrixidas polo profesorado, comentando os motivos polos que non superaron aquelas e escoitando a súa valoración sobre ditos resultados.

O titor informará dos datos recollidos na reunión entre os profesores de 6º Primaria e os de Primeiro da ESO.

Informarase ao titor/a sobre a actitude e rendemento do alumnado, alertando especialmente daqueles casos nos que este sexa baixo co gallo de que o titor/a poida realizar unha chamada de atención ao alumno/a e, se é preciso, aos pais.

Informarase aos pais/nais ou titores legais sobre a existencia dunha hora de atención na que poderá ser informado tanto por parte do titor/a como polo profesorado do seu fillo/a.

As sesións de avaliación son un instrumento no que se detectan os problemas relativos tanto ao rendemento como ao comportamento do alumnado e as súas causas. Polo que consideramos importante que todas elas se iniciasen comentando a percepción do alumnado sobre os seu rendemento extraída do cuestionario de preavaliación: materias que lles resultan máis difíciles, solucións que propoñen...Posto todo isto en común, o profesorado aportará o súa visión analizando as causas e aportando posibles solucións.

O titor/a dará información ao grupo do exposto na sesión de avaliación, principalmente no referente ao seu comportamento e rendemento como grupo e de maneira particular a aqueles alumnos e alumnas sobre os que se pronunciou a xunta de avaliación.

Outra vía de información sobre os resultados académicos é o Consello Escolar, onde se comentan as estatísticas dos resultados de avaliación.

3.4 XORNADAS E ACTIVIDADES SOBRE CONVIVENCIA DIRIXIDAS A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Orientar a formación do profesorado, alumnado e familias na prevención e tratamento de situacións de conflito escolar co asesoramento de expertos é fundamental para abordar a problemática da convivencia escolar. O noso centro organizará ao longo de cada curso campañas específicas como as seguintes:

a) Plan director para a convivencia e mellora da seguridade escolar.

Este Plan de convivencia escolar é ofrecido polos corpos de Seguridade do Estado en colaboración coa policía local, sendo as liñas básicas a desenvolver as seguintes:

- Acoso escolar e cyberbullying.
- Consumo e tráfico de estupefacientes.
- Violencia contra a comunidade escolar e os centros (furtos, roubos, vandalismo etc.)
- Actividades de grupos ou bandas violentas de carácter xuvenil.
- Maltrato no ámbito familiar.
- Riscos asociados a Internet e ás novas tecnoloxías.
- Comportamentos racistas e xenófobos.

O Centro elixirá as liñas que estime máis necesarias cada curso, ofrecendo estas charlas tanto ao alumnado, ao profesorado como ás familias.

Faríanse, unha ou dúas charlas para os alumnos por niveis e outros días serán ofrecidas a pais e profesores.

b) Plan Cruz Vermella

Este plan de información itinerante é ofrecido por Cruz Vermella Xuventude e enmárcase na Area de Educación para a Saúde onde explicarán hábitos de vida saudables fronte a outros de risco (DROGAS, SIDA etc.)

Este tipo de xornadas serán ofrecidas a nivel de aula, de forma que traballando cun pequeno grupo consigamos o clima de confianza axeitado para resolver dúbidas e temores do alumnado.

c) Ciclo de conferencias sobre convivencia

Charlas dirixidas fundamentalmente ao profesorado, ofrecidas por representantes de centros onde o Plan de Convivencia leva funcionando de forma positiva estes últimos anos. Por exemplo dende:

- IES “Carlos Casares” de Viana de Bolo.
- IES de Ames.
- IES de Fisterra.
- IES “Portada Alta” de Málaga.

d) Ocio saudable

Dende o Instituto achegaremos a oferta cultural e de ocio que ofrece o concello cada ano á xuventude da zona, co fin de informar dos seus servizos e fomentar prácticas de vida saudables. As charlas serán impartidas por persoal especialista do concello.

e) Xornadas sobre SIDA, VIH, Drogas e Alcol

Impartidas pola asociación comarcal “NERIA” ou persoal especializado, e dirixidas a alumnos da ESO. Faríase na aula para fomentar a participación dos alumnos. Se a charla a fai NERIA informaría tamén do seu labor a nivel local. Estas xornadas terían un seguimento a nivel de titoría.

f) Obradoiros para a potenciación de hábitos saudables tales como a nutrición e enfermidades asociadas que afectan seriamente ao rendemento académico e ao estado anímico do noso alumnado.

g) O reforzo na orientación académica profesional mellorará as expectativas de futuro dos alumnos e alumnas evitando así o absentismo e obter tamén unha maior motivación. Ex: charlas informativas impartidas por especialistas de diversos sectores que os poñan en contacto co mundo laboral real.

h) Incorporación no Plan Valora

Proxecto de innovación educativa en valores dirixido a toda a comunidade educativa. O centro escollerá persoal interesado en desenvolver o proxecto. Os ámbitos ofertados no plan valora son: convivencia, cidadanía e cultura para a paz; interculturalidade; igualdade;

consumo; educación viaria; lecer; saúde; medio natural e desenvolvemento sostible. Unha vez escollido o ámbito de traballo e admitidos no plan, a consellería dotará ao centro da formación e recursos necesarios para desenvolver as actividades que sexan precisas.

i) Xuntanzas lúdico-culturais para a convivencia:

Os profesores, nas súas materias, traballarán cos alumnos as distintas xornadas. Poderán facelo a nivel de aula ou preparando traballos a expoñer para todo o centro. Posibles xornadas serían:

- Xuntanzas polo magosto.
- Actividades deportivas de carácter voluntario onde participe toda a comunidade educativa.
- Sesións de teatro, cine ...
- Actividades relacionadas co Entroido.
- Exposicións relativas á conmemoración de distintas datas sinaladas no calendario escolar: 10 decembro, Día da Declaración dos Dereitos Humanos; 30 de Xaneiro, Día da Paz ; 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora; etc...

k) Intercambio con outros institutos a nivel autonómico ou nacional.

Os alumnos de diversos niveis poderán participaran en intercambios entre institutos co fin de coñecer outros modos de vida, cultura, idioma, etc...

3.5. ACTIVIDADES PARA A CONVIVENCIA DENDE A TITORÍA

Con carácter xeral pódense realizar cada curso escolar, unha serie de actividades, que poderán incluírse na PXA do curso escolar en cuestión.

Todas as actividade que propoñemos a continuación, deberán ser elaboradas previamente por un grupo de persoas que con carácter voluntario (comisión de convivencia entre elas) queiran preparalas. Os titores deberan ter uns guións xa feitos das actividades.

- a) Actividade: debate e discusión ó principio de curso sobre o NOF. (normas de organización e funcionamento). Traballar todo o relativo a dereitos e deberes do alumnado e establecemento dunhas normas de aula.
 - Responsable: Titor/a coordinado polo departamento. de orientación.

- Recursos :Material impreso concretando o máis esencial do Plan e das Normas de convivencia.
 - Metodoloxía: Unha pequena introdución polo titor/a, explicación básica do que é e en que consiste un debate (quenda de palabra, respecto ao que din os compañeiros/As argumentación das ideas que se digan, etc...).
 - Temporalización: durante o 1º trimestre, dedicarase 1 ou 2 sesións.
- b) Actividade: debate e charlas sobre o plan de convivencia.
- Responsable: Titor en colaboración co departamento. de orientación, comisión de convivencia.
 - Recursos: Orde relativa ó fomento da convivencia nos centros.
 - Metodoloxía: Charla e debate cos alumnos, realizaranse unha serie de actividades prácticas na aula para asimilar mellor o concepto de convivencia e as súas implicacións.
 - Temporalización: Durante o 1º trimestre dedicarase 2 sesións de titoría cos alumnos.
- c) Actividade: entrevistas de prevención con alumnos que podan desenvolver condutas contrarias ás normas de convivencia e coa familia si fose necesario.
- Responsable: Coordinador de convivencia, equipo directivo, titor e colaboración do departamento de orientación.
 - Recursos: Resolución do conflito de forma dialogada e, no seu caso, aplicación das Normas de Convivencia, a información recollerase nunha ficha do Protocolo de Convivencia, quedando arquivada para ter un seguimento do alumno e traballar nunha liña positiva.
 - Metodoloxía: Democrática e participativa.
 - Temporalización: Durante todo o curso.
- d) Actividade: elección e recoñecemento daqueles alumnos/as que melloraran as súas condutas, servindo de exemplo para o resto dos compañeiros e de exemplo de que se pode conseguir, aprender a mellorar.

- Responsable: Titor/a, Xunta de Avaliación en colaboración co departamento de Orientación e Comisión de Convivencia.
 - Recursos: Cuestionario individual e debate na clase.
 - Metodoloxía: Participativa e consensuada, esta elección levarase a cabo por un lado polos profesores que imparten clase no curso obtida nas Xuntas de Avaliación, polos compañeiros de clase en sesións de preparación da avaliación. Para que o recoñecemento transcenda á toda a comunidade educativa, exporase no taboleiro de convivencia.
 - Temporalización: Unha vez ó final de cada trimestre na sesión de titoría e outra vez na xunta de Avaliación do curso.
- e) Actividade: tratar calquera aspecto, cando o titor/a o considere necesario, que afecte ás boas relacións e a convivencia do grupo ou parte del.
- Responsable: Titor en colaboración co Departamento. de Orientación e o coordinador de convivencia.
 - Recursos: Resolución do conflito de forma dialogada e, no seu caso, aplicación das Normas de Convivencia.
 - Metodoloxía: Democrática, consensuada e participativa.
 - Temporalización: Durante todo o curso.
- f) Actividade: fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc...
- Responsable: Titor e colaboración do Departamento. de Orientación e do Coordinador /a de Convivencia.
 - Recursos: Formación nas reunións de titoría e material concreto para a súa aplicación na aula.
- Ex.: CINE EN VALORES. Consideramos que é un recurso excelente, sempre que vaia acompañado por unha introdución que mesmo poden traballar eles e logo un debate participativo, que se vexa axudado por fichas ou cuestións previas pois visualizar

películas, e logo non facer ningún tipo de fichas ou debates, é un traballo totalmente inútil.

Ex.: ANÁLISE DE NOTICIAS, relacionadas con eses valores democráticos. a prensa é unha fonte inesgotable de noticias que nos servirían para traballar estes valores.

- Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Temporalización: Sesións de tutoría en cada curso da ESO necesarias ao longo do curso.
- g) Actividade: análise de noticias relacionadas con conflitos ou maltrato entre iguais, para concienciar e sensibilizar ó alumnado de toda a etapa da ESO.
- Responsable: Titor/a en colaboración do departamento de orientación e coordinador/a de convivencia.
 - Recursos: Forma de proceder para que estas situacións non se dean no centro. Formación nas reunións de tutoría e material concreto para a súa aplicación na aula.
 - Anexo BULLING, informativo para pais e nais (detección e intervención en posibles casos de Bullying no centro).
 - Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Temporalización: Unha sesión de tutoría, como mínimo en cada curso da ESO.
- h) Actividade: celebración de polo menos tres actividades anuais que potencien o clima de convivencia no centro: o día 30 de xaneiro “ día escolar da non violencia e da paz”, o día 8 de marzo “día para os dereitos da muller ”, o día 5 de xuño, “ día mundial do medio ambiente”
- Responsable: Titor/a e colaboración do departamento de Orientación e do coordinador/a de Convivencia.
 - Recursos: Actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia e o respecto ás mesmas, facéndoas presentes na vida do centro.
 - Visualización de documentais, charlas, exposicións, concursos de carteis, exposicións de fotografía etc...
 - Metodoloxía: Activa e participativa.

- Temporalización: 2 sesións de tutoría para cada día na ESO.
- i) Actividade: elaboración dun lema de convivencia para o curso, a través dun concurso, onde cada clase elaborará unha frase, todas se colgarán no taboleiro de convivencia e someteranse a elección de todo e centro, nas tutorías.
- Responsable: Titor/a en colaboración do departamento de orientación e do coordinador/a de convivencia.
 - Recursos: Actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia e o respecto ás mesmas, facéndoas presentes na vida diaria do centro.
 - Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Temporalización: Unha sesión de tutoría nos cursos da ESO.
- j) Actividade: revisión e proposta de novos elementos a incluír na axenda escolar, esta información será recollida a través das tutorías, xuntas de avaliación, e das reunións da comisión de convivencia.
- Responsable: Profesorado do centro, tutores, equipo directivo, departamento de orientación, coordinación de convivencia.
 - Recursos: Artigos de prensa, internet, documentos educativos, etc.
 - Metodoloxía: Activa e participativa.
 - Temporalización: Todo o curso.
- k) Actividade: elaborar un listado con actividades, suxestións, que xurdan nos grupos de alumnos, para mellorar a convivencia.
- Responsable: Alumnos, profesorado do Centro, tutores, equipo directivo, departamento de orientación, coordinación de convivencia.
 - Recursos: Actividades que xorden na aula, artigos de prensa, internet, documentos educativos, etc..
 - Metodoloxía: Activa e participativa.

- Temporalización: Todo o curso.

Cada ano faríase unha análise dos conflitos de maior incidencia no centro. O informe será enviado ao observatorio de convivencia do centro para a súa valoración.

3.6. PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

3.6.1. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

O artigo 19 da Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa establece a necesidade de elaborar e desenvolver “Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras”.

Tendo en conta o establecido no citado artigo o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá dous tipos de programas de habilidades sociais como actuación complementaria ás medidas correctoras:

- Programa de Habilidades Sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Programa de Habilidades Sociais para aquel alumnado que , como consecuencia da imposición das medidas correctoras se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas serán aplicados en colaboración co profesorado tutor e, de ser o caso, cos Servizos Sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias

O alumnado ao que vai dirixido o programa de habilidades sociais, pode presentar en maior ou menor medida as seguintes características:

- Problemas de comportamento (condutas disruptivas)
- Pouco interese pola aprendizaxe
- Desmotivación e abandono escolar
- Faltas de asistencia
- Inicio de condutas de risco
- Baixa autoestima

Un factor que axuda a explicar en parte estes comportamentos é a falta de certas habilidades sociais para desenvolverse de maneira eficaz con outros individuos: iguais, menores e /ou autoridades.

Se o alumnado adquire certas habilidades cognitivas, instrumentais e de control sobre as súas emocións, pode contribuír a que acade unha mellor adaptación social.

O obxectivo que se persegue é ensinar uns valores e favorecer no alumnado unhas actitudes, que constitúan o respecto aos dereitos e liberdades propias e dos outros, fomentando a adquisición e consolidación duns hábitos de convivencia democrática e respecto mutuo.

Dada a variedade de situacións e condicións persoais e individuais do alumnado resulta complexo elaborar un único programa, polo tanto, será mais operativo establecer un marco xeral amplo no que se teñan en conta diferentes tipos de contidos que serán adaptados, ampliados ou eliminados para cada caso en concreto.

3.6.2. OBXECTIVOS

- Dotar ao alumnado dun repertorio amplo de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional, que poidan utilizar para mellorar a calidade das súas relacións sociais, así como para resolver e/ou previr problemas ou dificultades nas súas relacións con outras persoas.
- Desenvolver no alumnado unha actitude crítica de respecto ao dereitos dos demais e aos seus propios.
- Propiciar unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores morais do alumnado en todos os ámbitos da vida.
- Conseguir reducir a frecuencia e intensidade de interaccións agresivas entre o alumnado, tanto no ámbito escolar como fóra del, así como os comportamentos disruptivos
- Aumentar o nivel de motivación cara o eido escolar
- Favorecer unha autoestima positiva no relativo ao ámbito educativo, persoal e relacional

3.6.3. CONTIDOS

- Identificación de estados emocionais

- Identificar situacións que nos fan sentirnos mal : ¿ que penso? , ¿como me sinto?

➤ Iniciación e mantemento de relacións mutuamente beneficiosas

- Iniciar e manter conversacións con persoas descoñecidas

- Elixir os amigos con independencia

- Dar e recibir consellos

- Facer cumpridos aos demais

- Aprender a recibir cumpridos

➤ Expresión de maneira eficaz

- Desenvolver habilidades de comunicación para expresar opinións

- Asertividade

- Dar instrucións de maneira clara e precisa

- Mostrarse receptivos ao que nos comunican

- Desenvolver habilidades de escoita

- Considerar o punto de vista das outras persoas

➤ Desenvolvemento de habilidades de control emocional

- Xerar recursos para modificar os sentimentos de malestar e sentirnos ben con nós mesmos

- Afrontar situacións de provocación

➤ Resolución de situacións conflitivas

- Xerar múltiples alternativas para solucionar un problema

- Anticipar posibles consecuencias a cada alternativa

- Elixir a mellor solución de entre as posibles alternativas para solucionar un problema

- Tomar decisións coas que se consiga o máximo beneficio para ambos

- Desenvolver habilidades de negociación

➤ Desenvolvemento dun estilo de conducta asertivo

- Identificar diferentes estilos de relación: agresivo, pasivo e asertivo

- Valorar as consecuencias derivadas de cada un deles

- Analizar os beneficios de cambiar o noso estilo habitual de pensar e actuar
- Respectar os dereitos propios e dos demais
 - Empatía
- Poñerse no lugar do outro
- As necesidades dos demais
 - Habilidades sociais para as familias
- Estratexias comunicativas
- Xestión de conflitos
- Cooperación

3.6.4. RECURSOS

Utilizaranse , entre outros, seguintes materiais e/ou programas:

- Vallés Arándiga, A. e Vallés Tortosa C. (2003). Programa de refuerzo de las habilidades sociales. Madrid: CEPE
- González, R. e Román, Y. (2012) ¿Quién te quiere a ti? Guía para padres y madres: como educar en positivo.
- Mercedes Cobo Núñez , Coord. Antonio Galindo. Programa de desarrollo en competencias emocionales. ICCE
- Elia Roca. Cómo mejorar tus habilidades sociales. Programa de asertividad , autoestima e inteligencia emocional. ACDE Psicología
- M^a Inés Monjas Casares. Programa de enseñanza de habilidades de interacción social (PEHIS).CEPE.
- Manuel Segura Morales. Ser persona y relacionarse, habilidades cognitivas y sociales y crecimiento moral. MECD. Ediciones NARCEA

<http://aulacorto.mecd.gob.es/>

<http://cineyeducacionemocional.blogspot.com.es/>

<https://sites.google.com/site/actividadinteligenciaemocional/>

3.7. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO

Utilización por parte do profesorado dunha metodoloxía que implique unha maior participación do alumnado. A preparación previa de cada sesión é tamén un instrumento eficaz á hora de evitar certas condutas de distracción e disrupción.

Reacción inmediata do profesorado ante a disrupción. Reacción que implica tomar o control da situación ante as condutas disruptivas e non utilizar como primeira vía de solución mandar ao alumno/a comparecer ante o cargo directivo de garda.

Respecto do profesorado polos tempos marcados para cada sesión, coidando especialmente non prolongar as clases nos tempos de lecer.

Implicación de todo o profesorado á hora de crear un clima de mutuo respecto entre todos os membros da comunidade educativa a través da utilización dun estilo docente respectuoso co alumnado e demais persoal do centro e do recordo de normas básicas de comportamento: dar as grazas, pedir permiso, saudar... Unha linguaxe non agresiva e menos irónica poderían servir de pauta de conduta a seguir e mellorar así a convivencia do centro.

Compromiso a seguir o protocolo de información do alumnado.(punto 3.4. do plan)

3.8. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS, ESCOLA DE PAIS E NAIS

Promoverase a implicación das familias a través de:

- Reunións informativas sobre o funcionamento e organización do centro (ver protocolo de atención a pais).
- Reunións informativas entre as familias e o profesorado sobre o rendemento académico e actitudes dos seus fillos e fillas naquelas horas que os docentes teñen asignadas no seu horario.
- Activación da **Escola de Pais e Nais**, na que se tratará de realizar todo tipo de actividades que nos demanden as familias e á ANPA do noso centro, e que lle poden aportar unha axuda ou uns coñecementos no acompañamento dos seus fillos e fillas ao longo da súa etapa escolar e da súa vida en xeral. Estas actividades poden ser:
 - Ciclos e charlas sobre aqueles aspectos que poden afectar aos adolescentes e que están recollidas no apartado 3.4. deste plan: perigos de internet, drogas, acoso escolar, seguridade vial, hábitos de vida saudables,...

- Xornadas de convivencia entre familias, profesorado e especialistas en diversos temas como convivencia, atención á diversidade e resolución de conflitos.

Con estas actividades o que se pretende é contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos e fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas normas de convivencia no contorno familiar e favorecendo a súa potencialidade como educadores/as, para mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe dos rapaces e rapazas así como o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

3.9.IMPLICACIÓN DAS INSTITUCIÓNS

A implicación de outras institucións e organizacións é fundamental para ter ferramentas que nos poden axudar a mellorar a calidade educativa do noso centro tanto no aspecto académico como persoal e social do alumnado. Habitualmente colaboramos coas seguintes entidades:

- **Cos servizos sociais.** Nos casos de desestruturación familiar ou en risco de exclusión social, de alumnos/as con necesidades educativas especiais promoverase o contacto entre o Departamento de Orientación e os Servizos sociais

Será indispensable esta colaboración naqueles casos en que se activen protocolos que exixan a presenza de certas institucións (xulgados, inspección educativa...), principalmente no referente a casos de acoso escolar ou comportamentos que poderían ser delitivos.

Realización conxunta de actividades destinadas a mellorar a convivencia no centro: charlas sobre acoso escolar, perigos de internet, accidentes de tráfico, consumo de drogas..

- **Co CEFORE.** Para introducir a FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO sobre as relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, maltrato entre compañeiros, etc.,
- **Coa Asociación das ANPAS da Costa Morte.** Mediante a participación en actividades relativas a atención á diversidade e calquera outro aspecto sobre a convivencia escolar.
- **Na semana cultural,** onde se traballe a educación intercultural, a educación en valores (solidariedade, respecto, tolerancia) coa colaboración de diversas institucións

- **Realización de obradoiros e de talleres preventivos** sobre violencia de xénero, racismo, prevención de drogodependencias, etc en colaboración con algunha asociación para discapacitados: ASPADEX, FUNDOSA, COGAMI. E con ONGs: Cruz Vermella, Intermon Oxfan, ACNUR (ONU), “Paz e Desenvolvemento”. Destinatarios: alumnado e familias.
- **Co “Hospital Virxe da Xunqueira”**, realización de charlas ou xornadas de información e de prevención sobre o consumo de drogas, accidentes de tráfico, hábitos de alimentación, etc .
- **Co EOE (Equipo de Orientación Específico)** cando se detecte unha problemática susceptible de precisar unha intervención ou un asesoramento especializado.
- **Outras organización como ASPADEX, Cruz Vermella, etc.**

B. MEDIDAS CORRECTORAS

1. QUE ENTENDEMOS POR MEDIDAS CORRECTORAS

Son aquelas que deben axudar a que as condutas contrarias ás normas de convivencia non se repitan, e que o alumno/a que fixo algo indebido aprenda por que non debe volver a facelo, axudándolle a reflexionar sobre os seus propios actos.

Por isto estas medidas deben ser:

- respectuosas cos dereitos fundamentais das persoas
- realistas e factibles
- proporcionadas coas faltas cometidas
- eficaces no momento de corrixir o comportamento inadecuado
- orientadas, sempre que sexa posible, á corrección do problema ocasionado polo infractor/a e deben gardar por tanto unha relación lóxica co tipo de falta cometida.

2. NOF

As NOFs do centro son unha ferramenta fundamental na que se recollen as normas de convivencia do centro así como a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

Deste xeito, no punto VII.4 das NOFs que trata sobre “infracción e procedemento de aplicación de medidas correctoras”, indicamos cales son as condutas contrarias as normas de convivencia e cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e o procedemento para a imposición de medidas correctoras.

3. ESTRATEXIAS PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

3.1. MEDIACIÓN

a) XUSTIFICACIÓN

A mediación escolar é un método de resolución de conflitos, mediante a intervención de terceiras persoas imparciais e independentes, que contarán cunha formación específica. A mediación ten como obxectivo axudar ás partes a abrir canles de comunicación para obter por elas mesmas un acordo satisfactorio.

b) OBXECTIVOS DA MEDIACIÓN.

Os principais obxectivos da mediación escolar son os seguintes:

- Favorecer e estimular a comunicación, diálogo e consenso entre as partes en conflito.
- Promover que ambas partes comprendan o conflito de xeito global e non só dende a súa perspectiva individual.
- Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito, separando os intereses dos sentimentos.
- Favorecer a conversión das diferenzas en formas creativas de resolución do conflito.
- Sandar, sempre que sexa posible, as feridas emocionais que poidan existir entre as partes enfrontadas.
- E, como obxectivo final, mellorar a convivencia no centro.

c) TIPOS DE CONFLICTO.

A mediación está especialmente indicada para os seguintes conflitos:

- Rumores, insultos, faltas de respecto, inxurias, ofensas, alcumes molestos, queixas, malentendidos...

- Discriminación por cuestión de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal e social.
- Disputas e pelexas.
- Amizades deterioradas.
- Ameazas, presións ou encordios.
- Situacións experimentadas coma desagradables ou inxustas.

d) TIPOS DE MEDIACIÓN.

Os tipos de mediación que se van traballar neste centro son:

- Mediación para conflitos entre alumnos/as, no cal intervirían un ou dous alumnos/as e un/unha profesor/a.
- Mediación para conflitos entre alumnos/as e profesores/as, no cal intervirían un/unha alumno/a e un/unha profesor/a.

e) PERSOAS MEDIADORAS.

e.1) Capacidades dos mediadores:

- Ser neutral: non favorecer a ningunha das partes.
- Ser flexible nas súas ideas, non aferrándose a ningún presuposto.
- Ser responsable: saber responder con seriedade e profesionalidade ás demandas do rol.
- Ser paciente, sendo quen de superar con facilidade o nerviosismo, a ansiedade ou a impaciencia. Debendo aportar paciencia, serenidade, escoitar con interese, manter boas formas no trato ás persoas en conflito...
- Empatía, tratando de ver as cousas como cada unha das partes as ve, sendo quen de poñerse no seu lugar.
- Confidencialidade, gardar todo o tratado en secreto.

- escoitar activamente, sabendo sintetizar datos, reformulando a información recibida, reflectindo os sentimentos, mostrando que entende o que lle pasa ao que fala, adoptando unha postura física de atención.
- Absterse de xulgar, arbitrar e aconsellar.
- Saber encaixar os golpes ou ataques que poida recibir: gardar a distancia e non inmutarse nin sentirse agredido/a.
- Ser respectuoso/a, admitindo o modo de pensar, sentir e actuar dos/as outros/as, evitando impoñer os seus criterios e respectando a súa propia autonomía.
- Ser obxectivo/a, tratando de ver o problema dende o máximo de perspectivas posibles.
- Ser honrado/a .
- Crear e manter a confianza das partes en conflito, logrando que se sintan comprendidas e a gusto.

e.2) Formación.

Como introdución, aclaremos que é fundamental dende o centro incidir na formación dos nosos mediadores á marxe de que estes contén cunhas capacidades axeitadas para desenvolver a súa función.

Polo tanto, nas seguintes liñas, aportamos os aspectos básicos que deben terse en conta para a posterior formación das persoas aspirantes a converterse en mediadores/as.

Como primeiro paso deben adoptarse as seguintes actitudes que amosan comprensión e aceptación:

- Establecer empatía.
- Ton de voz suave.
- Mirar á cara do interlocutor.
- Expresión facial e xestos acolledores.
- Sorrir.

- Emitir expresións orais de seguimento da conversación.
- Dirixirse ao que menos fala.
- Establecer contacto visual.
- Utilizar unha postura corporal receptiva.

ESCOITA ACTIVA		
TÉCNICAS	OBXECTIVOS	PROCEDEMENTOS
Mostrar interese	Comunicar interese. Favorecer que o outro fale.	Non estar de acordo nin en desacordo. Utilizar palabras neutrais.
Clarificar	Aclarar o dito. Obter máis información. Axudar a ver os outros puntos de vista.	Preguntar. Pedir que aclaren algo que non entendiches
Parafrasear	Demostrar que estamos comprendendo o que pasa. Verificar o significado	Repetir as ideas e os feitos básicos.
Reflectir	Mostrar que entenden os sentimentos. Axudar a que a outra persoa sexa máis consciente do que sinte.	Reflectir os sentimentos do que fala.
Resumir	Revisar o progreso que houbo. Xuntar feitos ou ideas importantes.	Repetir os feitos e as ideas principais.

NON SE DEBE CAER NO SEGUINTE:	
Mandar	Dicir ao outro o que debe (ou on) facer.
Ameazar	Dicirlle ao outro o que lle pode pasar se non fai o que lle dicimos.
Sermonear	Aludir a unha norma externa para dicir o que debe de facer o outro.

Aleccionar	Aludir á experiencia para dicirlle ao outro o que é bo ou malo.
Aconsellar	Dicirlle ao outro que é o mellor para el ou ela.
Consolar.	Dicir ao outro que o que lle pasa é pouco importante.
Aprobar	Dar a razón ao outro.
Desaprobar	Quitar a razón ao outro.
Insultar	Desprezar ao outro polo que di ou fai.
Interpretar	Dicir ao outro o motivo oculto da súa actitude.
Interrogar	Sacar información ao outro.
Ironizar	Rir do outro.

f) FASES NA MEDIACIÓN.

f.1) ANÁLISE DO CONFLITO: mediación ou non.

Tras realizar a análise do conflito hai que decidir se procede mediar ou non.

Aspectos a ter en conta para utilizar a mediación:

- Cando as partes deben continuar coa relación, aínda que queiran distanciarse.
- Cando as partes se atopan e se senten incómodas.
- Cando o conflito afecta tamén a outras persoas.
- Cando hai vontade de resolver o conflito, boa predisposición, desexo de levarse ben.

Aspectos a ter en conta para decidir non utilizar a mediación:

- Cando os conflitos son moi recentes e os protagonistas están fóra de si, no poden escoitar ni tomar decisións.
- Cando unha das partes no se fía ou lle teme a outra.
- Porque a complexidade do problema excede o que se pode resolver no ámbito da mediación (problemas de drogas, abusos, malos tratos...).

- O problema é moi grave e se aplica o NOF.

f.2) PREMEDIACIÓN.

Ten como obxectivo crear condicións que faciliten o acceso á mediación:

- Falar coas partes por separado e que estas expresen a súa aceptación a resolver o problema coa intervención dun mediador.
- Que manifesten a súa vontade de colaborar no proceso.
- Facer a propia configuración xeral do conflito a grandes riscos.
- Determinar se son necesarias outras actuacións previas á mediación: (entrevistas individuais, falar con outras persoas relacionadas co conflito...)
- Descargar as emocións asociadas ao conflito para que poidan ir á mediación con menos tensión e xerar confianza nas partes.
- Acordar coas partes as condicións a seguir no proceso: lugar, momento e duración das sesións.

f.3) MEDIACIÓN.

- Presentación e regras de xogo.

Presentarse e pedir ás partes que se presenten.

Explicar brevemente como vai ser o proceso: obxectivos, expectativas, papel dos mediadores...

Recordar que é confidencial e que é importante a súa colaboración.

Aceptar unhas normas básicas: non interromper, non utilizar unha linguaxe ofensiva, non descualificar ao outro...

Tomar a decisión de quen empezará contando o seu problema.

- Exposición do conflito.

Crear un ambiente positivo e controlar as quendas de intervención.

Pedir a cada unha das partes que conte a súa versión e que exprese os seus sentimentos e emocións dun xeito non agresivo.

Reflexionar sobre o conflito, identificando os puntos centrais do problema.

Identificar os puntos de encontro e de confrontación.

Practicar a escoita activa.

Rexistrar as percepcións, emocións, sentimentos, feitos e valores de cada un.

- Achega de posturas.

Afondar ou concretar aspectos que quedan pouco claros.

Resumir ambas posturas (tendo en conta que cada unha das partes está convencida de que a súa versión é a correcta).

Concretar os puntos que poden desbloquear o conflito.

Traballar a partir dos puntos concretados e buscar unha versión consensual.

- Proposta de solución.

Preguntar ás partes en busca de posibles solucións, discutindo e avaliando cada unha delas.

Explorar o que cada parte está disposta a facer e que espera da outra parte.

Valorar as posibles solucións buscando a conformidade cunha proposta.

- Resolución do conflito.

Redactar un acordo e asinalo polas diferentes partes.

O acordo debe ser claro, realista, sinxelo e avaliable.

As partes deben ter claro que acordan e que implica ese acordo.

Débense evitar ambigüidades ou termos que no se entendan.

Deixar constancia do carácter confidencial de todo o falado e acordado durante o proceso.

Deixar aberta a posibilidade de solicitar un novo proceso de mediación ou seguimento.

Felicitar ás partes pola súa colaboración.

Facer copias do acordo para cada parte e archivar o orixinal.

3.2. AULA DE CONVIVENCIA

Creación dunha aula permanente, con horario completo ou adxudicando o maior número posible de horas ao profesorado ata o total de 32.

- PROFESORADO con horario na aula:

Membros do equipo de orientación que cubrirían coas horas complementarias (en vez de gardas de corredor e de aula).

Profesorado voluntario, que acceda a unha formación específica e continuada acerca do funcionamento da aula; que esta formación sexa a través dun grupo de traballo ou plans de formación.

Unha persoa, elixida de entre o profesorado da aula de convivencia, exercerá de coordinadora, preferentemente o dinamizador/a do Plan de convivencia ou outro membro do observatorio.

- ALUMNADO destinado á aula:

O alumnado que reiteradamente teña actitudes contrarias ás normas de convivencia (engadir esta medida ás que xa se están utilizando, recollidas no NOF). Será a comisión de convivencia a que propoña ao Director/a os alumnos/as que deban ir a dita aula.

Os que protagonicen actos de indisciplina manifesta nunha determinada clase. Será a Xefatura de Estudos a que ditamine se procede o envío do alumno/a, e o tempo de permanencia.

- PROGRAMAS DA AULA:

Alumnado de xornada completa (un, dous ou tres días): actividades relacionadas coa mellora da convivencia e reflexión sobre o seu comportamento. Completar con tarefas das diferentes materias.

Alumnado que vaia varios días, pero non toda a xornada, senón algunha/s sesión/s diaria/s: reflexión, terapia, ...; tarefas das materias ás que non asiste na súa aula.

Alumnado dunha soa sesión, por actos de indisciplina, nunha determinada clase: continúan o traballo que estaban realizando ou o que se determine na aula de convivencia.

O plan de traballo na aula será coordinado polo profesorado da aula de convivencia. Os profesores das diferentes materias darán ao titor/a os traballos correspondentes quen llos entregará aos alumnos/as

- ORGANIZACIÓN DA AULA:

Espazo non moi grande, como por exemplo unha aula de DC.

Non máis de 4 alumnos/as simultáneos na aula.

Recursos: fichas de traballo sobre a convivencia seleccionadas polo departamento de Orientación e pola comisión de convivencia; dicionarios e enciclopedias; ordenador, material de lecto-escritura e encerado.

Sistema de fichas do alumnado que pasa pola aula para o seu rexistro e historial ao longo do curso.

Rexistro diario das actividades que se realizan cada hora, asinadas polo profesor/a.

Avaliación trimestral do funcionamento da aula, dentro do OEC.

3.3. PROFESOR/A SOMBRA

Esta medida contéplase como algo excepcional e en casos onde non funcionaran outras medidas correctoras, e nos que a conduta disruptiva do alumno/a aconselle acompañar a un profesor/a (que non lle dea clase) a aulas diferentes do seu grupo e curso, preferentemente a aulas de cursos máis avanzados e nas que o comportamento do seu alumnado sexa o adecuado.

3.4. ALUMNO/A SOMBRA.

Un alumno/a dun curso superior, preferentemente de bacharelato, titorizará e acompañará o alumno/a que teña problemas de convivencia, de integración ou de acoso. Este alumno/a sombra debe corresponder a un perfil dun alumno/a con boa conduta, con madurez e respectado polo resto dos compañeiros/as

3.5. OUTRAS MEDIDAS:

a)Tarefas e servizos que contribúan ao bo funcionamento da comunidade educativa (NOF)

b) Supresión do dereito a participar nas actividades do centro (lectivas, extraescolares e/ou complementarias)

c) Reparación do dano causado

d) Chegar a acordos coas familias para realizar tarefas que sirvan de axuda no ámbito familiar.

C. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, indica no seu artigo 5 que o consello escolar debe elixir as persoas representantes da comisión de convivencia e establecer as directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro. O consello escolar tamén deberá facer un seguimento e avaliación anual do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro e propor actuacións relativas a convivencia, especialmente as relacionadas coa resolución de conflitos.

No artigo 6 deste mesmo decreto indica que a comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres de todos os sectores da comunidade educativa e que debe estar composta por representantes do alumnado, profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos.

E por iso que a comisión de convivencia do noso centro constituída no consello escolar do 12 de decembro de 2017 está formada por:

Xefe/a de Estudos:

Xefe/a departamento de Orientación:

Representante do profesorado:

Representantes dos alumnos:

Representante das familias:

Representante do persoal de administración e servizos:

Entre as función da comisión de convivencia están:

- Elaborar o plan de convivencia, e una vez constituído o mesmo, facer un seguimento do mesmo e facer todas as achegas que se consideren oportunas para a súa mellora e constante actualización.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar acción dirixidas á promoción da convivencia, especialmente as dirixidas a garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato entre todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- Dar conta, cando menos tres veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro
- Elaborar una memoria anual sobre a análise da convivencia e a conflictividade no centro

Co fin de poder levar a cabo as funcións descritas anteriormente, a comisión de convivencia reunirse polo menos una vez cada trimestre, xeralmente ao final do mesmo, e analizará a convivencia do centro, os conflitos xurdidos, recollerá propostas de tódolos sectores da comunidade educativa, etc., e reflectirá todo isto nun informe trimestral que será remitido ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar para o seu análise e valoración. Do mesmo xeito se elaborará un informe final ao remate do curso académico.

Deberá ser a comisión de convivencia, a encargada de facer o seguimento, nas súas reunións trimestrais, do Plan de Convivencia. Nas reunións esta comisión deberá velar porque se vaian acadando os obxectivos deste plan de convivencia e porque se vaian aplicando as medidas de actuación que aparecen descritas no Plan. Terá en conta, tamén, a información aportada polo equipo da aula de convivencia para ir facendo unha análise da convivencia no centro. Ademais, co alumnado que se incorporou de novo, farase unha detección dos problemas de convivencia que eles nos comuniquen e procederase á busca de solucións para os mesmos.

Unha vez rematado o curso, esta deberá elaborar un informe acerca da convivencia. Este informe deberá ser a través do cal se avalíe a consecución dos seguintes puntos:

- Grao de cumprimento dos obxectivos do plan.

- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.
- Propostas para modificación e/ou mellora do plan para o curso seguinte.

Este informe será preceptivo para a realización de modificacións que sexan aconsellables en canto ás medidas de actuación a levar a cabo para a consecución deses obxectivos.

3. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

Este proceso será levado a cabo principalmente pola comisión de convivencia, que como xa vimos no punto anterior, está entre unha das súas principais funcións facer un seguimento do plan de convivencia do centro e facer todas as achegas para a súa mellora e actualización.

Para levar a cabo esta función realizaranse tres reunións anuais nas que estarán representados todos os sectores da comunidade educativa, e nas que se elaborará un informe da convivencia no centro.

As modificacións ou achegas propostas ao presente Plan de Convivencia deberán ser informadas ao claustro de profesores para a súa posterior aprobación no consello escolar e formarán parte da memoria final de curso.

Ademais, cada catro anos faranse unha nova sondaxe entre a comunidade educativa para reformar o plan, se fose necesario, e propoñer as melloras que se precisen.

Para a elaboración do informe final pasaráselle a comunidade educativa un cuestionario similar ao seguinte:

Criterio	Puntuación (0-10)	Observacións
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
Alcance do plan de convivencia. <i>Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10</i>		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. <i>Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10</i>		

Renovación do plan de convivencia. <i>Non se renova: 0 Renóvase anualmente: 10</i>		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. <i>Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10</i>		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. <i>Non hai implicación: 0 Implicación total: 10</i>		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro <i>Moi deficitario: 0 Excelente: 10</i>		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia <i>Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10</i>		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia <i>Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso? <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. <i>Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10</i>		
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico <i>Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10</i>		
Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no centro <i>Moi negativa: 0 Moi positiva: 10</i>		
PUNTUACIÓN TOTAL		

4. **ANEXOS.**

ANEXO I: [PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMIENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.](#)